



**FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO**  
Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Kasado, n.º 17. Oficina  
10 36209 Vigo  
secretaria@fedgalmon.gal – 986 208 758 – fedgalmon.gal



## **Circular 6/2023: MODIFICACIÓN DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTES PÓLIZA ALLIANZ\_FGM 2023**

- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as técnicos/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente
- A todos/as deportistas federados/as na FGM

Informámosvos que se realizaron modificacións no protocolo de actuación en caso de accidente, **para facilitar toda a información e os pasos necesarios ás persoas accidentadas, desde o momento do accidente.**

**Modifícase tamén o parte de accidentes** que se entrega ao accidentado, para analizar os datos especialmente de tipo estatístico relacionados coas actividades de montaña e investigar cales puideron ser a causas dos accidentes.

Lembrarvos tamén que, ademais de comunicar o accidente á compañía de seguros, tamén hai que informar á FGM.

Na licenza federativa, sexa a través da App Paso a Paso ou no propio plástico da tarxeta, **figuran os datos dos teléfonos aos que hai que dirixirse en caso de accidente**, tanto á compañía de seguros como á FGM.

Na pestana “seguros” no apartado da licenza da App Paso a Paso, existe unha icona que nos dirixe automaticamente ao protocolo de actuación en caso de accidente.

**Solicítase a todos os Clubs que faciliten a todos/as os seus federados/as esta importante información**, porque lles pode ser moi útil en caso de accidente durante o desenvolvemento das actividades.

Tamén permanecerá na web da FGM no apartado “*Licenza federativa -> En caso de accidente no ano 2023*”. Documento: PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACCIDENTES ALLIANZ FGM 2023, no seguinte enlace: <https://fedgalmon.gal/en-caso-de-accidente-no-ano-2023/>

Achéganse este protocolo.

Vigo, 7 de febreiro de 2023

Anxo Manuel Fernández Saborido  
O secretario xeral da FGM

V.º e pr. Josefina Maestu Almeida  
A presidenta da FGM